

V FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA VERTIXE SONORA

VINDEIROS CONCERTOS:

Venres 20 de outubro 20:30 h. | SALA DE EXPOSICIÓNS PAZO DA CULTURA, Pontevedra
A BATALLA DE DON CARNAL E DOÑA CORESMA Ensemble Sillages

Domingo 22 de outubro 20:30 h. | SALA DE EXPOSICIÓNS PAZO DA CULTURA, Pontevedra
DIE WANDERUNG Vertixe Sonora

Xoves 26 de outubro 20:00 h. | MARCO, Vigo
VÉRTICES HÁPTICOS Roberto Alonso e Tychonas Michailidis

Venres 3 de novembro 20:00 h. | MARCO, Vigo
DOLL GARDEN Defunensemble

Sábado 4 de novembro 19:30 h. | SEXTO EDIFICIO MUSEO DE PONTEVEDRA
AMYGDALA Defunensemble

Sábado 11 de novembro 20:00 h. | MARCO, Vigo
DOCTRINA SCHOLASTICA NOCET AD INTELLIGENTIAM SANCTARUM SCRIPTURARUM Sisco Aparici
Celebración XV Aniversario MARCO

Sábado 18 de novembro 19:30 h. | SEXTO EDIFICIO MUSEO DE PONTEVEDRA
(IN)VISIBLE Tag Ensemble

Sábado 25 de novembro 20:00 h | MARCO, Vigo
LIMIAR DO ABISMO Adam Starkie

Xoves 19 outubro 19:00 h. | NEMONON, Pontevedra
PHILAE Ensemble Sillages

Dúas fascinacións: A de Alain Gaussin pola afouteza e atrevemento da imaxinación e destreza humanas; e o de Hean-Luc Hervé por unha cultura milenaria. Con dúas pezas centradas nas posibilidades que ofrece o violín contemporáneo preséntase o Ensemble Sillages no primeiro dos seus dous concertos en Galicia.

Alain Gaussin homenaxea á sonda espacial Philae, un robot diminuto na inmensidade do espazo, guiada desde Europa cara o cometa Tchouri. E Jean-Luc Hervé réndese ante a especial relación de arte e natureza en Xapón sorprendido polo particular deseño que adoitan as arquitecturas de xardíns en relación á súa contorna natural.

ALLAIN GAUSSIN *Philae* (2015)* para violín só
JEAN-LUC HERVÉ *En Découverte* para dous violíns e dispositivo electrónico

*encomenda do Ensemble Sillages

ENSEMBLE SILLAGES Lyonel Schmit, Sullimann Altmayer *violíns*

PROMOVE:



Universidade de Vigo

vertixe
sonora

PATROCINA:



Culture
Communication
Direction générale
des affaires culturelles
Bretagne



Finistère
Finistère
LE DÉPARTEMENT



sacem



Région
BRETAGNE



Sillages



SPEDIDAM
les droits des artistes-interprètes

COLABORA:

SPECTACLE
vivant
EN
BRETAGNE

VILLE DE
Brest



NEMONON
espacio multidisciplinar creativo en torno a la arquitectura

AS OBRAS

ALLAIN GAUSSIN *Philae* (2015) para violín só

Esta obra para violín só rinde homenaxe ao xénio humano, capaz hoxe de guiar a un diminuto robot –a sonda espacial *Philae*– na inmensidade do espazo a un obxectivo non menos minúsculo: o núcleo do cometa *Tchouri*. Despois de máis de dez anos de viaxe espacial, *Philae* conseguiu aterrizar o 12 de novembro de 2014 e enviar información que revela constantemente “vestixios de vida” nunca vistos ata entón nun pequeno corpo celeste.

Como moi a miúdo nas miñas obras, *Philae* non trata de describer ou narrar unha historia, senón máis ben de traducir as impresións que sentía ollando as fotos e a admiración ante unha destreza técnica europea sen precedentes.

Na partitura se sucede de xeito abrupto, o suave e o áspero, o claro e o escuro, o lento e o rápido, o rebote e o estático, etc. Tamén quería continuar a investigar sobor da liña melódica e o canto como xa fixera nos meus anteriores traballos, ao explorar as peculiaridades da técnica e a beleza do timbre do violín. Por isto, ó longo da partitura, utilizo tres materiais que poden ser fácilmente detectados polo oído: un motivo de impulso (como este son “ó revés” obtido cun golpe de arco que se escoitará desde o primeiro compás e que atravesará toda a obra; logo rápidas notas (agrupadas en constelación “*harmónica*”) en “*spiccato*” (lixeiros rebotes do arco sobre o violín). O último material é unha serie de notas repetidas sobre a II corda ó ar do violín; esta secuencia volverase cada vez máis importante cunha incrustación de notas “*satélites*” e, cara a fin do traballo, a súa mutación con moi suaves “*xiros*” de arco.

Por último, evocar esta forza que puxa a un pequeno robot no universo. Cicáis tamén poida lembrar a aquela que puxa ó investigador a continuar a súa experimentación máis alá; e ó compositor a inventar/crear novos espazos de son.

Allain Gaussin

JEAN-LUC HERVÉ *En Découverte* (2003) para dous violíns e electrónica

Durante a miña estancia en Kyoto en 2001, sorprendeume a relación entre o arte e a natureza en Xapón, e en particular a forma na que a arquitecturas dos xardíns está deseñada en relación o seu entorno natural. *En Découverte*, “*en descuberta*”, unha colaboración coa videoartista Natacha Nisic derívase desta a miña estadía xaponesa. A peza propón unha viaxe metafórica desde o exterior ata o interior, desde os sons da natureza ata os sons do instrumento: a escritura de violín que toma ó principio o canto do roisenol xaponés (uguisu) coma modelo vaise a transformar devagar para se converter finalmente nuns xestos idiomáticos da escrita para violín. A morfoloxía doutra canción de paxaro ouvido en Xapón, que se caracteriza pola deformación dun patrón de repetición e transposición cara o grave, serve de modelo para a segunda parte da peza. Esta idea aparece claramente na parte electrónica que repite as frases dos violines traspoñendoas lentamente ata o grave.

Jean-Luc Hervé

OS COMPOSITORES

Alain Gaussin (Saint-Sever, Francia 1943)

Alain Gaussin naceu en Saint-Sever en 1943. Galardoado con varios primeiros premios no Conservatorio de París, obtivo o premio de composición na clase de Olivier Messiaen e estudou logo informática musical no IRCAM.

Fixo residencias artísticas na Academia de Francia en Roma (1977-1979) despois a do DAAD en Berlín (1984-1985) e na Villa Kujoyama en Kioto (1994-1995). Ao mesmo tempo, a música de Allain Gaussin adquire recoñecemento internacional con concertos, conferencias e seminarios de composición, sobre todo en Darmstadt (1986 e 1988).

As súas obras foron tocadas por numerosos artistas, entre os cales estarían o Ensemble Intercontemporain, a Orquestra de París, o Nouvel Ensemble Modern de Montreal, o Klangforum de Viena, o Ensemble Modern de Frankfurt, o KNM de Berlín, o BCMG de Birmingham, a Tokio Sinfonietta, o Ensemble Argento de Nova Iorque, o Meitar Ensemble de Tel Aviv, o Ensemble Studio for New Music de Moscova, o cuarteto de cordas Arditti, o Jack Quartet...

Actualmente aprende a composición na Academia Estadounidense de Fontainebleau.

En 2012, foi recoñecido coa distinción de «Profesor convidado» no Osaka College of Music e en 2013 nomeado Presidente de honra de Asociación Franco-Xaponesa da Música Contemporánea.

En 1995, a Academia Charles Cros concedeulle o Gran Premio do disco a Allain Gaussin polas súas obras *Irisation-Ritual*, *Arcane* e *Camaïeux*. En 1998, *Mosaïque Celeste* foi galardoada co premio internacional de composición ICONS (Italia). O CD *Harmonía das Esferas* obtivo en 2014 o Gran Premio do disco de Academia Charles Cros por *A Harmonía das Esferas* co Ensemble Sillages

Jean-Luc Hervé (Saint-Maur-des-Fossés, Francia, 1960)

Nado en 1960, fai os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de París con Gérard Grisey onde obtén o primeiro premio de composición. A súa tese doctoral de estética así coma a pesquisa levada a cabo no IRCAM serán a ocasión dunha reflexión teórica sobre o seu traballo de compositor.

A súa residencia na Villa Kujoyama de Kioto representou un xiro decisivo na súa obra. A súa peza para orquestra *Ceos* obtivo o premio Goffredo Petrassi en 1997. En 2003 foi convidado polo DAAD a unha residencia en Berlín. Asemade os seus dous discos monográficos recibiron o recoñecemento da Academia Charles Cross.

Funda en 2004 con Thierry Blondeau e Oliver Schneller a iniciativa *Biotop(e)*. As súas obras son tocadas por conxuntos tales como Ensemble Intercontemporain, Court-circuite, Contrechamps, Musik Fabrik, KNM Berlín, Divertimento, Orquestra Philharmonique de Radio Francia, Orquestra della Toscana, Berliner Sinfonie-Orchester. Unha parte do seu traballo actual consiste en dúas obras conxuntamente-instalación concibida para websites singulares. Actualmente traballa coma profesor de composición no Conservatoire à rayonnement régional de Boulogne-Billancourt e as súas partituras editanse na editora Suvini-Zerboni de Milán.